



REAL MOSTEIRO DE OIA

MEMORIA DE SOSTIBILIDADE

2024

ÍNDICE

- 1** A recuperación dun patrimonio de todos
- 2** O Mosteiro como xacemento arqueolóxico
- 3** Exposición “Un Mosteiro, un mar de historia(s)”
- 4** A sostibilidade como cerna do proxecto
- 5** Anexos
- 6** Agradecementos



A recuperación dun patrimonio de todos

O 2024 foi un ano clave na historia do Real Mosteiro de Oia. Non só polos vinte anos que cumpría a actual propiedade á fronte dun proxecto de recuperación complexo, se non pola cantidade de fitos conseguidos ou a piques de conseguir para a restauración dun monumento longo tempo buscada.

A dinámica cultural que se viña producindo desde o ano 2019 e que corría en paralelo aos esforzos por levar o proxecto adiante, axustouse dados os últimos pasos e os estudos previos ás grandes intervencións.

Por primeira vez nos últimos anos, os proxectos, intervencións e campañas arqueolóxicas ligadas ao comezo das intervencións definitivas, foron de tal envergadura que condicionaron a dinamización cultural. A pesar diso, puidéronse levar a cabo iniciativas culturais notables como as visitas guiadas durante a Semana Santa, ou a celebración dos 400 anos de “A Treboada”, que conmemora a defensa do máis coñecido ataque pirata sufrido polos monxes.

Con todo, a pesar de ter un programa cultural condicionado en Oia, o anhelo do grupo MARE, canalizado a través da Fundación Bretal, por seguir difundindo e compartindo a historia dun lugar único materializouse nunha ambiciosa proposta cultural nunca desenvolvida: a exposición en Vigo “Un mosteiro, un mar de historia(s)”.

Unha exposición sobre o pasado, presente, e futuro do Mosteiro que foi ambiciosa non só no económico, senón na dimensión dos obxectivos que se expuxeron:

- Levar a historia do Mosteiro máis aló dos seus muros, á maior cidade de Galicia: Vigo.
- Facer unha exposición atractiva para un público universal.
- Aproveitar o impacto para desenvolver en paralelo unha actividade cultural de valor, incluíndo a presentación oficial do proxecto ante máis de 350 persoas.

Esta Memoria, como as anteriores, dá conta dun inxente, detallado, e continuo traballo por poñer en valor un patrimonio e un proxecto único.

Xoán Martínez Reboredo




2o Mosteiro como xacemento arqueolóxico

O 2024 foi un ano de moito traballo de campo no Mosteiro para diferentes investigadores.

Tras unha primeira intervención en 2023 e durante case todo o ano 2024 demos continuidade aos traballos arqueolóxicos imprescindibles e previos ao comezo da gran obra de restauración e rehabilitación. Estes traballos achegáronnos información de increíble valor que nos permite seguir elaborando teorías e despregando dúbidas sobre a evolución do edificio ao longo dos séculos. Tamén restauradores e historiadores interviñeron neste proceso multidisciplinar que busca o máximo coñecemento posible do enclave.

Os datos recompilados por todos eles, procesados e postos en común cos arquitectos permiten perfilar un proxecto de recuperación que ante todo respecte a historia e fisionomía do monumento.

Estes traballos prolongáronse ata que a Dirección Xeral de Patrimonio considere a información solicitada suficiente para poder iniciar a obra, que á súa vez terá en todo momento a presenza dun arqueólogo de control.



3 Exposición “Un Mosteiro, un mar de historia(s)”

O 11 de setembro cumpríamos un soño: inaugurar a primeira **exposición centrada na historia do Real Mosteiro de Oia** na sede de Afundación, en pleno centro de Vigo. Unha mostra que contou co apoio e colaboración da Xunta de Galicia e o Museo de Pontevedra e coa participación inestimable e fundamental do estudo de arquitectura Rodríguez+Pintos.

O Mosteiro é un **monumento BIC** (Ben de Interese Cultural) situado nunha contorna rural que durante décadas estivo pechado ao público e sumido no abandono e no que, desde o ano 2004, centramos **inxentes esforzos en canto á divulgación e difusión do seu legado cultural**.

Un dos grandes desafíos consistiu en como enfocar a gran cantidade de datos acumulados durante 20

anos de estudo e investigación nunha formulación que resultase atractivo para todo tipo de público, desde os máis pequenos aos máis maiores e que, dese modo, puidese configurarse como un espazo para o gozo de toda a familia.

De aí xurdiron os **diferentes itinerarios** ou narrativas que se propuxeron aos visitantes no muro de benvida da sala: diferentes maneiras de contar una mesma historia pero **enfocadas ao interese e gusto do visitante**.

Independentemente de poder visitar a exposición de maneira tradicional, ofrecéronse estas catro opcións para visitar a mostra en función dos intereses de cada visitante:



O Eco do Mosteiro

A VOZ DAS PEDRAS

EXPOSICIÓN: UN MOSTEIRO, UN MAR DE HISTORIA(S)

11 DE SETEMBRO AO **05** DE OUTUBRO 2024

SALA DE EXPOSICIÓN I
SEDE AFUNDACIÓN VIGO
POLICARPO SANZ, 26

ORGANIZA:

REAL
MOSTEIRO
DE OIA



PARTICIPA:

rodríguez + pintos arquitectos

COLABORA:



//Afundación
Obra Social ABANCA

O eco do Mosteiro

A VOZ DAS PEDRAS

Un tipo de **percorrido cronolóxico**, orientado a visitantes comprometidos e analíticos que buscan **información detallada e profunda**. O tema principal é a **historia e o patrimonio**.

Neste percorrido puidéronse consultar documentos de vital importancia como un **manuscrito orixinal do século XVII** asinado polo mesmo abade do Mosteiro, Gabriel de Moreda, pertencente a un arquivo particular.



O Murmurio do Mar

A VOZ DO TERRITORIO

EXPOSICIÓN: UN MOSTEIRO, UN MAR DE HISTORIA(S)

11 DE SETEMBRO AO **05** DE OUTUBRO 2024

SALA DE EXPOSICIÓN I
SEDE AFUNDACIÓN VIGO
POLICARPO SANZ, 26

ORGANIZA:

REAL
MOSTEIRO
DE OIA



PARTICIPA:

rodríguez + pinto arquitectos

COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

//Afundación
Obra Social ABANCA

O murmurio do mar

A VOZ DO TERRITORIO

Un **percorrido contextual** orientado unha audiencia máis espontánea, que prefire unha **experiencia xeral** e explorar diferentes áreas da exposición. O tema que destacou aquí foi o referido ao **territorio e a natureza**.

Neste itinerario foi posible acceder a unha mesa de cartografía na que mediante a superposición de metacrilatos descubríase información de valor no ámbito local, no da Península Ibérica e no europeo, destacando a **importancia da Orde do Císter** nos tres escenarios.



As Pegadas do Tempo

A VOZ DOS SEUS HABITANTES

MARCO SERRANO

EXPOSICIÓN: UN MOSTEIRO, UN MAR DE HISTORIA(S)

11 DE SETEMBRO AO 05 DE OUTUBRO 2024

SALA DE EXPOSICIÓN I
SEDE AFUNDACIÓN VIGO
POLICARPO SANZ, 26

ORGANIZA:

REAL
MOSTEIRO
DE OIA



PARTICIPA:

rodríguez + pinto arquitectos

COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

//Afundación
Obra Social ABANCA

As pegadas do tempo

A VOZ DOS SEUS HABITANTES

Neste caso tratábase dun **percorrido de tipo descriptivo** para visitantes que se inclinan polas **motivacións sensoriais** en lugar de centrarse nunha información específica. **Centrado nas vivencias** de quen habitou, visitou ou apreciou o Mosteiro.

Un percorrido no que se puido visionar o **documental “Un Mosteiro, un fogar”**, producido pola Fundación Bretal no ano 2022 e que está tamén dispoñible na versión virtual da exposición.



As Memorias Lendarias

A VOZ DAS SÚAS LENDAS

EXPOSICIÓN:

UN MOSTEIRO, UN MAR DE HISTORIA(S)

11 DE SETEMBRO AO **05** DE OUTUBRO 2024

SALA DE EXPOSICIÓN I
SEDE AFUNDACIÓN VIGO
POLICARPO SANZ, 26

ORGANIZA:

REAL
MOSTEIRO
DE OIA



PARTICIPA:

rodríguez + pinto arquitectos

COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA

//Afundación
Otra Social ABANCA

As memorias lendarias

A VOZ DAS SÚAS LENDAS

Os relatos e rexistros en canto a **milagres e lendas** en torno ao Mosteiro atraeron a visitantes sociais que buscan entretemento e diversión, a quen lles gusta participar en **actividades interactivas e experiencias prácticas** individuais e compartidas.

Estacións de aroma con cheiro a figueira, pólvora, pergamiño e algas, unha porta que ao abrila levaba ao claustro ou as caixas máxicas a través das cales asomarse á rutina dun mosteiro medieval, son algunhas das maneiras que se concibiron para tratar de estimular sensorialmente e atraer a un tipo de visitante máis participativo.



Doutra banda, algunhas das pezas expostas máis destacadas foron: **un escudo de armas do século XVII** que por primeira vez abandonou os muros do Museo de Pontevedra ou o **Tombo de 1789**.

O escudo é unha talla de madeira policromada que axudou a introducir as orixes do cenobio, na mesma podemos observar os motivos que decoran os seus catro cuarteis: o báculo abacial, nove misteriosas A, unha rama de figueira e unha torre ou fortaleza. Todos estes motivos aluden a un pasado lendario vinculado ao papel defensivo que sempre ostentou o Mosteiro.



O cartulario de 1789, en perfecto estado de conservación, puido consultarse a través dun dispositivo electrónico grazas ao escaneo previo que se realizou de todas as súas páxinas.

Esta exposición contou co asesoramento dun **Comité Científico integrado por arquitectos, historiadores e investigadores** de primeiro nivel como Santiago Pintos (arquitecto director do proxecto de recuperación do oiteiro), Carmen Manso (doutora en Historia da Arte e membro numerario da Real Academia da Historia), Ermelindo Portela (catedrático emérito de Historia Medieval da USC) ou Javier Costas Goberna (investigador local e membro do Instituto de Estudos Vigueses), ademais de ACIGAL (Asociación do Mosteiros do Císter de Galicia).

Adicionalmente buscou non só transmitir senón tamén recibir do visitante as súas impresións e emocións a través dun **espazo final de cocreación** no que o protagonismo foi do visitante. Unha zona de debuxo, un libro para facer anotacións e comentarios ou unha antiga máquina de escribir foron algunhas das maneiras de facer partícipes aos visitantes da experiencia. Unha interacción que deu importantes resultados, como o coñecemento e acceso a un novo tombo do Mosteiro, ata o de agora descoñecido e propiedade dun particular de Madrid.

Este tipo de iniciativas nacen desde o prisma da **sostibilidade social** facilitando a accesibilidade e a participación da comunidade nos procesos culturais.



A continuación compartimos algúns exemplos dos **debuxos e mensaxes** que nos deixaron os visitantes aos longo do mes que a exposición estivo aberta ao público:

Zona debuxo




20

REAL MOSTEIRO DE OIA



Aquelles que habitaron estas pedras
encontraron la serena belleza
de un paisaje natural
donde olvidar inquietudes
meditar los misterios y deleitarse
de abaje de cuevas navegante
monasterio es salvaguarda
de cultura y religion
legado de gente antigua
que ha llegado hasta nosotros
guardando entre sus paredes
los de voces lejanas
que rezaron y lucharon
contra una vida de fi'el
que la suya les costaba.
Repasemos el recuerdo
de sus venerados muros
y recordemos siempre
que vivir siempre fue duro.

21 SEPTBRE
Luis P.G.



21

REAL MOSTEIRO DE OIA



Zona libro visitas

Feliz vuelta a la vida al
Mosteiro

Clari - 05/10/2024

MUCHA SORTEI, YA ESTAMOS DESECADOS ALOJARNOS
EN EL MONASTERO DE OIA, QUE BASTA ARROBADO

Claudia, Lucía

Excelente exposición. ¡Enhorabuena!
Ojalá pueda entrar a verlo muy pronto.

Jorge V.F.

Galicia sempre será Galicia. Grazas por seguir
dandolle visibilidade a estas cousas e sobretodo
por consagralas.

Encantados, moi amena para os cativos,
que saiban e coñezan a historia dun xito hídrico
viva Oia! Viva o Mosteiro!

Familia Gil Otero

Ruben e Karina, ámbolos dous de Oia (Torreña e Arrobe)
agradecemos a Fundación Babel a gran labor de restauración
do mosteiro e de preservación e recuperación do patrimonio
material e inmaterial procedente do Mosteiro.
Esperamos con fervor que poidan acabar os obxectivos
marcados e consigan disfrutar desta reliquia os nosos
descendentes. Un cordial saúdo.

Ruben 30/11/24

Un lugar tan cheo de historia como este debemos
engadirlle moita máis Enhorabuena

Grazas a todo el equipo que hizo posible
esta exposición. Ojalá ver pronto la
rehabilitación de esta maravilla
GRACIAS

Hay que restaurar estos monumentos históricos,
es uno pero después desaparecer y privar al
futuro de uno página de nuestra pasado

21. Septiembre 2024

M. Dolores Pulido

Un gran viaje en el tiempo y la historia.
Gracias a todos los que lo han hecho posible.

Excelente trabajo. Enhorabuena.

Una gran exposición con una gran historia.

Pazol P.

¡Simplemente México, Parabéns pelo projecto.
¡Ojalá veamos este proyecto acabado pronto!

Daniela

Mil años más para o mosteiro de Oia,
as pedras falan, non que esportadas.
Grazas a todos os colaboradores por manter
viva a presenza do mosteiro.

Leandro

5.X.2024

Enhorabuena.!!
Miguel Alvarez.
12 Sept 2024
D Soc. Amigos Monast. Sobrado

REAL MOSTEIRO DE OIA

● Actividades Paralelas

Como complemento durante o mes que durou a exposición, organizáronse unha serie de actividades paralelas destinadas a **ampliar o coñecemento sobre o monumento e o seu futuro**:

EXPOSICIÓN:
UN MOSTEIRO,
UN MAR DE HISTORIA(S)

SEDE AFUNDACIÓN VIGO
POLICARPO SANZ, 26

PROGRAMACIÓN · ACTIVIDADES PARALELAS

“O Mosteiro como inspiración” 17/09 · 19:30

CONVERSA · entrada libre ata completar aforo

Con **Iria Morgade**, **Carla Andrade**, **Fran Núñez** e **Julio Gómez**.
Moderado por **Xoán Martínez**

Compartirán connosco as súas diferentes experiencias creativas co Mosteiro de Oia como protagonista dende distintas vertentes artísticas.

Proxecto de Restauración, Rehabilitación e Ampliación do Real Mosteiro de Oia 18/09 · 19:30

PRESENTACIÓN OFICIAL · entrada con inscrición previa en info@mosteirodeoia.com

Con **Santiago Pintos**, **Sarah Barbará** e **Xoán Martínez**

Tres séculos despois da súa última actuación arquitectónica chegou o momento de vivir o nacemento dunha nova etapa para o Mosteiro.

“Historia dun mosteiro singular: Santa María a Real de Oia” 26/09 · 19:30

PONENCIA · entrada libre ata completar aforo

Un relatorio de natureza histórico-artística na que **Carmen Manso Porto**, doutora en Historia da Arte, analizará o desenvolvemento do conxunto monacal ao longo dos séculos, con especial atención a algunhas estancias como o claustro renacentista e outras dependencias do século XVIII, destacando a singularidade do mosteiro cisterciense de Santa María a Real de Oia.

VI Recoñecemento Real Mosteiro de Oia: Juan Martínez Domínguez 3/10 · 19:30

ACTO · entrada libre ata completar aforo

Este Recoñecemento, no que se celebra o **20 aniversario** da adquisición do monumento, este ano vai dirixido a **Juan Martínez Domínguez** como a persoa que iniciou o reto de recuperar o Mosteiro como patrimonio de todos. Destacando o seu labor, dedicación e contribución significativa ao único mosteiro do Císter ás beiras do Océano.

ORGANIZA:

REAL
MOSTEIRO
DE OIA

PARTICIPA:



rodríguez + pintos arquitectos

COLABORA:



XUNTA
DE GALICIA



//Fundación
Oia Social ABANCA



O Mosteiro como inspiración

CONVERSA

Mesa redonda con **Carla Andrade** (artista visual), **Fran Núñez** (director do Centro Dramático Galego), **Iria Morgade** (investigadora e escritora) e **Julio Gómez** (co-director Sinsal Audio) respectivamente. Moderada por **Xoán Martínez** (director do Mosteiro). Onde compartiron as súas experiencias creativas co Mosteiro de Oia como protagonista.



Proxecto de Restauración e Ampliación do Real Mosteiro de Oia

PRESENTACIÓN OFICIAL

Intervencións: Santiago Pintos (arquitecto director do estudo Rodríguez+Pintos) Sarah Barbará (coordinadora do proxecto de recuperación do Real Mosteiro de Oia), Xoán Martínez (director do Mosteiro) e Alfonso Rueda (presidente da Xunta de Galicia). Unha presentación moderada por Lara Graña (redactora xefe do Faro de Vigo).



Historia dun mosteiro singular: Santa María a Real de Oia

PONENCIA

Un relatorio de natureza histórico-artística por Carmen Manso Porto (doutora en Historia da Arte e membro numerario da Real Academia da Historia).



VI Recoñecemento Real Mosteiro de Oia: Juan Martínez Domínguez

ACTO

Este Recoñecemento dirixiuse a **Juan Martínez Domínguez** como a persoa que iniciou o reto de recuperar o Mosteiro no ano 2004, sendo Director Xeral da antiga Vasco Gallega, hoy Grupo MARE.

Impacto na prensa

O importante fito que supuxo esta exposición e todo o esforzo realizado tivo a súa recompensa cunha marabillosa acollida por parte de medios tanto locais, como nacionais, ademais dalgúns tan destacados como a revista *La Aventura de la Historia* ou *The Art Newspaper*.

Se inaugura una exposición sobre el pasado, presente y futuro del Mosteiro de Oia **11/09**

TELE MARIÑAS

A rehabilitación do mosteiro de Oia, nunha mostra interactiva en Vigo **17/09**

TVG

Rueda ensalza la rehabilitación del Mosteiro de Oia como un ejemplo de protección del patrimonio gallego y motor de desarrollo turístico **18/09**

XUNTA DE GALICIA

Monasterio de Oia: abadía, colegio, cárcel y ahora hotel de lujo **19/09**

LA VOZ DE GALICIA

El renacer del Mosteiro de Oia **19/09**

FARO DE VIGO

Historias entrelazadas **Edición setembro**

LA AVENTURA DE LA HISTORIA

Heritage sites on new offshoot of Spain's Camino could benefit from pilgrim boom

THE ART NEWSPAPER

3 A sostibilidade como cerna do proxecto

Como vimos desenvolvendo nas nosas memorias de sostibilidade desde o ano 2019 o **concepto da sostibilidade** dá sentido ao proxecto de recuperación do monumento. A mesma sostibilidade que practiban os propios monxes é necesaria **para facer deste edificio un conxunto viable**, que escape da ruína e que **achegue valor ao territorio** no que se atopa, para seguir construíndo a memoria e a identidade de Oia.

Desde o ano 2022 somos parte do **Pacto Cultura Sustentable**, unha alianza de entidades e empresas, que comparte e proporciona un conxunto de recursos, ferramentas e servizos para facilitar e acelerar a transformación dos proxectos culturais para minimizar o impacto negativo das nosas accións no planeta

Unha **sostibilidade** que abordamos

desde todos os niveis: **económico, social, ambiental e tamén cultural**.

Respecto diso deste último a actividade cultural no propio Mosteiro en 2024 foi de moita menor intensidade polo que non podemos obter datos cuantitativos sobre a xestión de residuos nos eventos culturais xa que foron mínimos.

En **Semana Santa** o Mosteiro abriu as súas portas para retomar as habituais visitas guiadas. Catro días nos que recibimos a **máis de 260 persoas**.

Aínda que sen dúbida, o **gran evento do ano** dentro dos muros do cenobio foi a **celebración dos 400 anos da batalla** máis famosa que enfrontou a monxes e a piratas: *A Treboada*

A Treboada no Mosteiro

400 anos da batalla dos monxes contra os piratas

Un fito que vimos celebrando desde 2019 pero que o ano pasado levamos á súa máxima expresión ao cumprirse 400 anos do famoso enfrontamento: todo un día de celebración, con visitas teatralizadas, contacontos, charlas e xogos para gozar en familia.



Mais de 600 persoas achegáronse durante toda a xornada ao Mosteiro nun **evento de balde** no que colaboraron o Concello de Oia e a Deputación de Pontevedra e no que se involucrou tamén aos restaurantes da contorna do Mosteiro que ofreceron un “Menú Treboada” a prezo especial.

Un evento no que ofrecemos un espazo libre de fumes, pois non se pode fumar en ningún punto do recinto monacal.






Accións medioambientais

Inspección do río Lavandeira

Un ano máis os nosos compañeiros de Kaleido, Ideas & Logistics, seguen **monitorizando o noso Río Lavandeira** dentro do Proxecto Ríos, un proxecto coordinado por ADEGA e promovido pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través dos organismos Augas de Galicia e o Instituto de Estudos do Territorio.

Grazas a dúas campañas anuais, que se produciron en maio e en novembro, puidemos **comprobar a boa saúde do río** que corre a un costado do edificio e que tivo unha importancia tan capital para os monxes.





Visibilización e promoción do patrimonio cisterciense

Por último, seguimos compartindo a nosa experiencia cos nosos amigos da **Rede Europea de Patrimonio Cisterciense**. O pasado mes de novembro o mosteiro de Alcobaça acolheu a segunda reunión de socios dunha entidade que naceu en 2023 con obxectivos como: visibilizar e promover o coñecemento do patrimonio cisterciense, crear redes de colaboración e investigación entre os mosteiros, compartir boas prácticas en materia de conservación e contribuír á sustentabilidade dos sitios cistercienses e as súas comunidades, entre outros.

O Mosteiro de Oia é un dos 16 membros fundadores desta Rede que aglutina mosteiros de toda Europa como os de Alcobaça (Portugal), Poblet (España), Fountains (UK), Padise (Estonia), Herkenrode (Bélxica), Fontfroide (Francia), Morimondo (Italia), entre outros e que mesmo conta coa propia Orde do Císter como entidade promotora.

Na reunión mantida o 21 de novembro continuouse desenvolvendo a estratexia para a recuperación do selo do Itinerario Cultural Europeo da Abadías Cistercienses, un dos principais obxectivos da Rede. A adhesión de novos mosteiros foi continua, sendo actualmente trinta as entidades socias, representando a abadías de Dinamarca, Suecia, Austria ou Alemaña entre outros países. O patrimonio cisterciense galego está tamén representado grazas a ACIGAL (Asociación de Mosteiros do Císter de Galicia).



Tras este encontro celebrouse o “VI Encontro Internacional de Abadías Cistercienses” onde puidemos asistir a interesantes relatorios sobre casos de éxito na xestión do patrimonio cisterciense na era da globalización.

Continuamos, pois, apostando por situarnos nunha contorna europea e esforzándonos en estar presentes en proxectos europeos de primeira liña que involucran a un patrimonio único: o patrimonio cisterciense.

5 Anexos

Memorias pasadas

Levamos **6 anos comunicando as accións que imos acometendo** desde un prisma sostible.
Podes chegar a cada unha delas pulsando nas correspondentes portadas:




Memoria de
Sostibilidade **2019**



Memoria de
Sostibilidade **2020**



Memoria de
Sostibilidade **2021**



Memoria de
Sostibilidade **2022**



Memoria de
Sostibilidade **2023**

6 Agradecementos

Como cada ano temos moito que agradecer, moitas persoas colaboran connosco para poder levar adiante unha actividade cultural que contribúe a estender o coñecemento do Mosteiro de Oia. Contamos, ademais, cun excelente equipo de profesionais e provedores cos que cada vez está máis preto a recuperación definitiva deste monumento único.

Entre eles non podemos deixar de mencionar a:

Santiago Pintos Pena

Director do estudo de arquitectura Rodríguez+Pintos

Carlos Pérez Ramos

Asesor xurídico do bufete de KPMG

Israel Picón

E ao seu equipo de arqueólogos de *A Citania*

Marta Uriarte e Iria López

Restauradoras de Gomacons

Carmen Manso Porto, Ermelindo Portela Silva e

F. Javier Costas Goberna

Comité Científico da exposición “Un Mosteiro, un mar de historia(s)”

Asociación ACIGAL

Mosteiros do Císter de Galicia

Cristina Correa

Alcaldesa do Concello de Oia

Anxo Lorenzo

Director Xeral de Cultura, Xunta de Galicia

Deputación de Pontevedra

Consuelo, Vicente, Rosa, Matilde, Javier, Víctor...

Xente de Oia: co seu apoio a través dos anos, dannos forzas para seguir

Quédannos moitos nomes atrás, posto que son moitos anos de traballo pero a todos aqueles que queren e valoran o noso Mosteiro tamén o noso agradecemento.



REAL MOSTEIRO DE OIA